



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Expresión Gráfica	Código	770G01005	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Industrial			
Coordinación	Arce Fariña, María Elena	Correo electrónico	elena.arce@udc.es	
Profesorado	Arce Fariña, María Elena Fernández Ibáñez, María Isabel	Correo electrónico	elena.arce@udc.es isabel.fibanez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é formar ao alumnado no ámbito da Expresión Gráfica, co fin de capacitalo para o manexo e interpretación dos sistemas de representación máis empregados no ámbito industrial, introducirlle no coñecemento das formas, a xeración e as propiedades dos entes xeométricos máis frecuentes, incidindo na adquisición de visión espacial, ensinarlle os aspectos de carácter tecnolóxico que inciden no ámbito da Expresión Gráfica na Enxeñaría e iniciarlle no coñecemento e aplicación da Normalización. A estrutura e desenvolvemento da materia permite capacitar ao alumnado para o emprego indistinto de técnicas tradicionais, así como de novas ferramentas e tecnoloxías.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Domina a resolución dos problemas gráficos que poden exporse na enxeñaría	A9	B1 B4 B5 B6 B10
Desenvolve destrezas e habilidades que permitan expresar con precisión claridade e obxectividade solucións graficas.	A9	B1 B4 B5 B6 B10	C2
Adquire a capacidade de abstracción para poder visionar un obxecto desde distintas posicións do espazo	A9	B1 B4 B5 B6 B10	C2

Contidos	
Temas	Subtemas



Técnicas de desenvolvemento de visión espacial. Xeometría métrica e descritiva. Sistemas de representación gráfica.	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción ás técnicas de desenvolvemento e visión espacial. - Xeometría métrica e descritiva. - Sistemas de representación gráfica. - Croquización.
Introducción á normalización.	<ul style="list-style-type: none"> - O debuxo técnico e a normalización. - Fundamentos de debuxo técnico (representación, vistas, cortes e seccións, outros). - Anotación. - Elementos normalizados e conxuntos. - Sistemas de tolerancias. - Simbología. - Escalas e medición.
Debuxo asistido por computador.	<ul style="list-style-type: none"> - Prácticas AutoCAD 2D. - Prácticas AutoCAD 3D. - Prácticas Trazado en AutoCAD. - Prácticas Inventor.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A9 B1 B4 B5 B6 B10 C2	25	37.5	62.5
Proba mixta	A9 B1 B4 B5 B6 B10 C2	4	16	20
Prácticas de laboratorio	A9 B1 B4 B5 B6 B10 C2	30	36	66
Atención personalizada		1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>A materia impartirase en módulos teórico-prácticos de 1 hora.</p> <p>Con anterioridade ao día en que se imparta a materia, indicaranse a relación dos coñecementos previos necesarios e o resumo dos conceptos sobre os que se traballará, proporcionando a información bibliográfica correspondente.</p> <p>Cada Tema iniciarase coa exposición do profesor, que axudará o estudante a extraer os conceptos máis relevantes, marcando os obxectivos perseguidos.</p> <p>Introduciranse os aspectos teóricos imprescindibles para fundamentar os contidos prácticos, que deberán prevalecer. O alumnado e profesorado interactuaran dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, ou principios de forma dinámica.</p>
Proba mixta	Realizarase un proba final que abarcará a totalidade dos contidos da materia, tanto teóricos como prácticos, e que poderá incluír probas tipo test, preguntas de razoamento, resolución de problemas e desenvolvemento de casos prácticos.



Prácticas de laboratorio	<p>Realizaranse prácticas en laboratorio informático que contempla o manexo de software CAD para a xeración de planos, conxuntos e despezamentos.</p> <p>Nas últimas semanas do cuadrimestre realizarase unha práctica final (proxecto) de deseño e modelado en grupo. O proxecto terá un enfoque de Aprendizaxe-Servizo (ApS). ApS é un método para unir a aprendizaxe co compromiso social. É dicir, aprender facendo un servizo á comunidade.</p> <p>Os obxectivos do proxecto están aliñados cos seguintes ODS (Obxectivos e metas de Desenvolvemento Sostible):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obxectivo 4. Educación de calidade. Meta 4.4 - Obxectivo 9. Industria, innovación e infraestrutura. Metas 9.5 e 9.b - Obxectivo 10. Redución das desigualdades. Meta 10.2 - Obxectivo 12. Produción e consumo responsables. Meta 12.1 - Obxectivo 13. Acción polo clima. Meta 13.3
--------------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Prácticas de laboratorio	<p>No ámbito da acción tutorial, distínguense accións de tutoría académica, así como de tutoría personalizada. No primeiro dos casos, o alumnado terá á súa disposición horas de tutorías nas que pode consultar calquera dúbida relacionada cos contidos, organización e planificación da materia, co desenvolvemento das prácticas, etc. Nas tutorías personalizadas, cada alumno, de maneira individual, poderá comentar co profesor calquera problema que lle estea impedindo realizar un seguimento adecuado da materia, co fin de atopar entre ambos algún tipo de solución. Conxugando ambos os tipos de acción tutorial, preténdense compensar os diferentes ritmos de aprendizaxe mediante a atención á diversidade. Os profesores da materia atenderán persoalmente as dúbidas e consultas dos alumnos, tanto de forma presencial, segundo o horario que se publicará na páxina web do centro, como a través de medios telemáticos (correo electrónico, Moodle, etc.) baixo a modalidade de cita previa.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A9 B1 B4 B5 B6 B10 C2	<p>Exercicios realizados en aula informática e práctica final (proxecto).</p> <p>A práctica final (proxecto), realizada en grupo, terá un peso do 15%.</p> <p>Os exercicios prácticos de deseño asistido por ordenador terán un peso do 25%.</p>	40
Proba mixta	A9 B1 B4 B5 B6 B10 C2	<p>A proba terá carácter práctico e consistirá na resolución dun número determinado de exercicios e cuestións, que deberán cubrir un amplo abano de conceptos.</p> <p>Valoraranse a asistencia en participación en clase (exercicios e test realizados nas distintas sesións). A asistencia en participación en clase terá un peso do 5%, que se computará xuntamente coa proba mixta.</p>	60

Observacións avaliación



Para superar a materia será obrigatorio:

A asistencia a un mínimo do 80% das sesións prácticas. A estos efectos, non seterán en conta as ausencias debidamente motivadas por cuestións de saúde. Únicamente se contempla a posibilidade dun 15% de faltas de asistencia a sesións prácticas sen aportalo correspondente xustificante. As Prácticas de laboratorio representan o 40% da calificación da materia, e avalían os contidos relacionados co deseño asistido por computador. Na segunda oportunidade poderase conservar a calificación obtida nas Prácticas de laboratorio, sempre que se houberse obtido unha calificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. O cálculo da calificación das actividades ligadas ao deseño asistido por computador farase acorde á seguinte fórmula:

(Ejercicios prácticos de deseño asistido por ordenador * 0.25 + Nota proxecto * 0.15) / 0.4.

A avaliación final do alumno na segunda oportunidade atenderá á suma da puntuación outorgada ás seguintes partes:

Nota segunda oportunidade = 0.6 * Proba mixta + 0.4 * Proba práctica (deseño asistido por computador). A proba mixta abarcará a totalidade dos contidos da materia.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia comunicará ao inicio do curso a súa situación aos profesores da materia, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC?

(Art.3.b e 4.5) e as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" (Art. 3 e 8b).

No caso de segunda matrícula ou sucesivas, non se conservarán eventuais partes superadas en cursos anteriores, debendo o estudante realizalas e superalas.

COMPROMISO ÉTICO: Espérase que os alumnos teñan un comportamento ético adecuado. O plaxio na realización de calquera das actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso na materia, na oportunidade correspondente.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Félez, J., Matínez, M.L. (2002). Dibujo Industrial. Madrid: Síntesis
- Aenor (2009). Dibujo Técnico. Madrid: AENOR
- Clérigo Pérez (2001). Geometría Descriptiva. León: Asociación de Investigación
- Leiceaga Baltar, X.A. (1994). Normas básicas de dibujo técnico. Madrid: AENOR
- Apilluelo, J.M., Ibáñez, P., Ubieta, P. (2005). Dibujo industrial. Conjuntos y despieces. Madrid: Paraninfo
- Company, P. (2007). Dibujo industrial. Castelló de la Plana: Universitat Jaume I

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Oficina Técnica/770G01035

BIM e Edificios Intelixentes/770G01053

Observacións

Non existen requisitos previos para cursar a materia, aínda que se demanda que o alumno posúa un coñecemento de debuxo técnico e fundamentos de xeometría ao nivel esixido en Bacharelato. Tamén sería aconsellable que o alumno dispuxese dun computador, con acceso a Internet e as aplicacións informáticas adecuadas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías